



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE SETEMBRO DE 2015</b>
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro do BNG

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

FALTAN Á SESIÓN

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e trinta e oito minutos do día tres de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria de organización, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, D<sup>a</sup> Lucía Artime Alonso

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate , o Sr. Alcalde-Presidente da a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria e de seguido dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

## ORDE DO DÍA

\*\*\*\*\*

### A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 18 DE XUÑO DE 2015

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE XULLO DE 2015.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 19 DE AGOSTO DE 2015

### B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

4º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ASINADO ENTRE O CONCELLO DA ESTRADA E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DA XUNTA DE GALICIA, POLO QUE FORMALIZA A ADHESIÓN DO CONCELLO Á ÁREA DE TRANSPORTES METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

5º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLO QUE DESIGNA REPRESENTANTE PARA O CONSELLO ESCOLAR DO IES Nº 1 DA ESTRADA.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

\*\*\*\*\*

### A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 18 DE XUÑO DE 2015. Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 18 de xuño de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE XULLO DE 2015. Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 9 de xullo de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 19 DE AGOSTO DE 2015. Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 19 de agosto de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

### B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

4º.- DACION DE CONTA DO ACORDO ASINADO ENTRE O CONCELLO DA ESTRADA E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS DA XUNTA DE GALICIA, POLO QUE FORMALIZA A ADHESIÓN DO CONCELLO A AREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Dáse conta do Acordo asinado con data 20-05-2015 entre o Concello da Estrada e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, polo que se formaliza a adhesión do Concello á área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, ao abeiro da ratificación da vontade deste Concello á dita adhesión por acordo plenario do 27-04-2015.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**5º.- DACION DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL BNG POLO QUE DESIGNA REPRESENTANTE PARA O CONSELLO ESCOLAR DO IES Nº1 DA ESTRADA.** Dáse conta do escrito presentado con data 08-07-2015 (RE 9216) por D. Xosé Magariños Maceiras, Voceiro do grupo municipal do BNG, polo que fai nomeamento de representante municipal do Consello Escolar do IES nº 1 da Estrada.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Introdúcense por urxencia na parte dispositiva deste Pleno e co voto favorable da maioría dos concelleiros presentes a seguinte moción:

\*\*\*\*\*

#### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

#### **A.- MOCIÓN DE GRUPO MUNICIPAL P RELATIVA AO MANTEMENTO DO COMPROMISO DA XUNTA DE GALICIA PARA QUE TODOS OS SERVIZOS RELACIONADOS CON EMERXENCIAS SEXAN TRASLADADOS Á NOVA SEDE DA AXEGA.**

O Sr. Alcalde-Presidente xustifica a urxencia desta moción en que todos son sabedores de que en Santiago existe unha opinión contraria ao traslado do 112 eo 061 á Estrada, polo que é necesario que este Concello poña de manifesto o seu interese en que estes servizos pasen á sede que a AXEGSA ten neste Concello e que de así reflectido para non crar confusións nin falsas expectativas. De seguido intervén D<sup>a</sup> Belén Louzao dicindo que non entende a urxencia deste pronunciamento e non se debe usar a excepción como xeito habitual, polo que o grupo PSOE vaise abster. No mesmo senso pronúnciase D. José Magariños, Voceiro do BNG, di que lle estrana que os gobernos que sempre tiran abaixo as mocións, usen agora esta vía; di que non lle parecen maneiras. D<sup>a</sup> Mar Blanco, Voceira do grupo MOVETE, di que tampouco entende a urxencia desta moción.

Non habendo máis intervencións, é aprobada por maioría a urxencia, co voto a favor dos membros do grupo PP e a abstención dos representantes dos demais grupos municipais (PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE) e de seguido procede a dar lectura e explicación á dita moción:

**"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR DO CONCELLO DE A ESTRADA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O traslado da Central do 061 á Estrada responde a un proceso de eficacia e optimización dos recursos que teñen que ver con algo tan importante como a seguridade da cidadanía.*

*Dende hai anos, os distintos gobernos do PP sempre defenderon o que noutras comunidades xa é habitual, que a actividade dos servizos de emerxencias debe estar perfectamente coordinada e centralizada, froito de esta visión nace a Axencia Galega de Emerxencias co obxectivo de coordinar todos os servizos de emerxencias nun único organismo e nun único espazo operativo, o que implica a construción de unhas novas instalacións que den cobertura a todas as necesidades presentes e futuras en materia de coordinación de emerxencias.*

*A Estrada, como concello situado na centralidade xeográfica de Galicia, dotado dos servizos e comunicacións necesarias, acolleu xa no seu día as importantes instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e o bo funcionamento e expansión na formación dos distintos corpos de seguridade así demostran o acertado desta decisión, que situou o noso municipio na vangarda da formación deste tipo de instalacións dunha natureza especial.*

*Cuantificados estes factores, e asociados ao bo funcionamento da AGASP, o Grupo Municipal do PP reivindicou sempre que os servizos do 061 e 112*

deberían estar ubicados no mesmo recinto e en coordinación co gran centro de formación dos profesionais do sector que é a AGASP.

O Goberno bipartito da Xunta de Galicia, coa colaboración do Grupo Socialista local intentou levar a cabo unha localización non natural destas instalacións en Oroso, o que no se sostíña dende o punto de vista técnico, económico nin político.

Foron as xestións do PP nun primeiro momento, e dende o acceso ao Goberno municipal en 2011 os que levaron á construción dunhas instalacións modernas e ben dotadas, e que foron posible grazas á dispoñibilidade de terreos feita no seu día polo Concello da Estrada e pola colaboración que en todo momento tivo esta Administración local coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Foi nos últimos días, coas instalacións da AXEGA na Estrada xa rematadas e preparadas para entrar en funcionamento cando xurde o problema co persoal do 061 e o Alcalde de Santiago traslada o seu malestar por esta decisión.

É curioso que nun momento no que se fala de descentralización e necesidade de ubicar servizos en municipios distintos das sete grandes cidades, da necesidade de fixación de poboación nos concellos cun mercado carácter rural, de áreas metropolitanas, de prestación eficiente dos servizos públicos..., Santiago poña en marcha reivindicacións tan centralizadoras como esta, opoñéndose á creación dunha grande infraestrutura nun concello que pertence á área de influencia de Santiago de Compostela.

Esa proximidade a Santiago fai tamén da Estrada unha situación idónea para esta instalación (22 km) e o tempo de desprazamento ou mesmo a relación social, educativa, sanitaria e comercial entre os dous municipios é moi próxima, polo que o alcalde de Santiago debería ter en conta este feito, ademais das extraordinarias relacións institucionais que sempre mantivemos os dous Concellos. Evidentemente A Estrada aposta pola capitalidade e as infraestruturas de Compostela e reivindicamos un trato en igualdade de condicións de Compostela cara a Estrada. Non entendemos que unha cidade e o seu Alcalde se opoñan a unha decisión baseada nos criterios de eficacia, eficiencia, economía dos recursos públicos.

Por suposto que respectamos a postura dos traballadores/as, pero teñen que ter en conta:

-O carácter público da súa contratación laboral e que polo tanto está supeditada á localización do seu posto.

-Moitos traballadores da Estrada se desprazan diariamente a traballar en Santiago e que o fan con total normalidade

-A conexión por estrada, e en transporte público é moi fácil e fluída (a raíz desta infraestrutura mellorará)

-A Estrada é un concello mediano, de 21.000 habitantes dotado de todos os servizos e cunhas características moi boas e confortables para vivir.

Creemos que é un debate estéril, que non conduce a ningunha parte. Santiago é a capital de todos os galegos, a cidade de referencia para os estradenses que sempre estivemos na súa área e así o sentimos. Non se pode pretender liderar unha gran área metropolitana nin potenciar a capitalidade sen altura de miras nin visión estratéxica de conxunto.

Esta decisión trátase dun traslado ordinario, moi habitual nas administracións públicas, moi importante para A Estrada, e cun nivel de impacto mínimo para Santiago, que ao fin e ao cabo seguirá tendo estes traballadores e as súas familias na súa área de influencia.

Por todo o exposto, elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

*Instar á Xunta de Galicia a que manteña os seus compromisos coa AXEGA e o traslado de todos os servizos relacionados coas emerxencias á nova sede de A Estrada*

*Trasladar ao Concello de Santiago de Compostela e ao seu Alcalde a nosa firme posición en relación ao traslado do persoal do 112 e do 061 á nova sede da Axencia Galega de Emerxencias na Estrada."*

De seguido intervén D<sup>a</sup> Belén Louzao dicindo que isto é un pronunciamento claro xa para os veciños da Estrada. Expón que A Estrada xa está no mapa, e que isto non a vai poñer máis visible, di que hai que reclamar outros servizos: o remate da autovía, a protección dos nosos maiores, dos nenos e nenas da Estrada. Deixa claro o seu total apoio a esta proposta, a pesares de que entende que para A Estrada non vai supoñer moitos postos de traballo, xa que nas instalacións gastáronse moitos cartos e aínda hai débedas coas nosas empresas. Di que os traballadores do 112 e o 061 non van mellor á Estrada, pois eles mesmos non están de acordo co traslado, deixando claro que estas 300 familias non van vivir na Estrada. Non obstante, quere deixar claro o seu apoio á EXADE.

Intervén a Voceira do grupo MÓVETE, D<sup>a</sup> Mar Blanco, dicindo que están fomentando un debete estéril, e que, de principio, salvo que a Xunta de Galicia cambie de opinión, xa é unha decisión tomada.

O Voceiro do BNG D. Xosé Magariños expón que o beneficio social para a poboación non o acaba de ver e o debate lle parece bastante estéril, adfemais de enfrentarse a un dos concellos limítrofes e capital de Galiza. Non cre que das trescentas familias afectadas polo cambio ningunha veña a vivir á Estrada, pois teñen as súas vidas feitas en Santiago e eiquí só van vir traballar e punto. Polo tanto como non ve claro ese beneficio do que fala o Sr. Alcalde para A estrada, vaise abster.

Por último intervén o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que asómbrase da redución de miras dos partidos da oposición, que esta é unha oportunidade histórica para o Concello da Estrada e non entende que non a apoiem. Dícese que o político sempre ve un problema en vez dunha oportunidade, e, neste caso, lamentablemente, parece que é así; en vez de velo como unha cousa boa para o noso Concello, só poñen pegas. El quere ver oportunidades de futuro para o seu concello, e por iso loitará por este traslado. No que respecta á relación con Santiago, non cre que haxa ningún problema, cada un ten que defender o seu, lémbrale ao Sr. Magariños o acordo de adhesión á Area de Transporte Metropolitano de Santiago que acaban de facer, cunha redución no custo do transporte dun 60% para os veciños da Estrada.

Respecto ao que dixo a voceira de MOVETE respecto da decisión tomada, non é así. Este goberno municipal loitou para conseguir que, ademais do 112, vira á Estrada tamén o 061. Ademais hai unha moción en Santiago solicitando o retorno a Santiago de Emerxencias, polo que A Estrada debe deixar claro e cristalino o seu interese en manter no noso Concello as instalacións do 112 e o 061.

Resposta o Sr. Magariños que o Alcalde vai conseguir que lle voten en contra os partidos que de principio lle ían apoiar. Tampouco entende cómo lle tira das orellas á súa Consellería... Di que comparte a descentralización dos servizos entre os distintos concellos. O que non lle convence na moción é que este cambio vaia a ter beneficio social para o Concello da Estrada, di que non hai unha xustificación técnica dos beneficios que este desprazamento vai producir. Tamén entende que os traballadores se opoñan a dito desprazamento e debería dárselles un complemento salarial polos prerxuízos que dito traslado lles va a provocar.

Conclue o Sr. Alcalde dicindo ao Sr. Magariños que deixe a política e se convirta en sindicalista, pois aquí estamos para facer política e non para defender aos traballadores do 112 e 061; que non está en contra do complemento salarial do que fala, pero que non é competencia do Concello da Estrada dita decisión.

Por último, expón que todos deberían remar na mesma dirección, en favor do Concello da Estrada, e non poñer trabas a decisións que nos poden beneficiar ou, cando menos, nunca nos van prexudicar. Hai que buscar oportunidades, cousas beneficiosas, e non darlle a puntilla a esta decisión, por unha miopía política dos grupos da oposición.

Non habendo máis intervención procedese á votación desta moción, aprobándose a mesma por maioría, cos votos a favor do PP e a abstención de PSdeG-PSOE, MÓVETE e BNG, adoptando o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular e que se transcribe de seguido:

#### *“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR DO CONCELLO DE A ESTRADA*

##### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O traslado da Central do 061 á Estrada responde a un proceso de eficacia e optimización dos recursos que teñen que ver con algo tan importante como a seguridade da cidadanía.*

*Dende hai anos, os distintos gobernos do PP sempre defenderon o que noutras comunidades xa é habitual, que a actividade dos servizos de emerxencias debe estar perfectamente coordinada e centralizada, froito de esta visión nace a Axencia Galega de Emerxencias co obxectivo de coordinar todos os servizos de emerxencias nun único organismo e nun único espazo operativo, o que implica a construción de unhas novas instalacións que den cobertura a todas as necesidades presentes e futuras en materia de coordinación de emerxencias.*

*A Estrada, como concello situado na centralidade xeográfica de Galicia, dotado dos servizos e comunicacións necesarias, acolleu xa no seu día as importantes instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) e o bo funcionamento e expansión na formación dos distintos corpos de seguridade así demostran o acertado desta decisión, que situou o noso municipio na vangarda da formación deste tipo de instalacións dunha natureza especial.*

*Cuantificados estes factores, e asociados ao bo funcionamento da AGASP, o Grupo Municipal do PP reivindicou sempre que os servizos do 061 e 112 deberían estar ubicados no mesmo recinto e en coordinación co gran centro de formación dos profesionais do sector que é a AGASP.*

*O Goberno bipartito da Xunta de Galicia, coa colaboración do Grupo Socialista local intentou levar a cabo unha localización non natural destas instalacións en Oroso, o que no se sustenta dende o punto de vista técnico, económico nin político.*

*Foron as xestións do PP nun primeiro momento, e dende o acceso ao Goberno municipal en 2011 os que levaron á construción dunhas instalacións modernas e ben dotadas, e que foron posible grazas á dispoñibilidade de terreos feita no seu día polo Concello da Estrada e pola colaboración que en todo momento tivo esta Administración local coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia.*

*Foi nos últimos días, coas instalacións da AXEGA na Estrada xa rematadas e preparadas para entrar en funcionamento cando xurde o problema co persoal do 061 e o Alcalde de Santiago traslada o seu malestar por esta decisión.*

*É curioso que nun momento no que se fala de descentralización e necesidade de ubicar servizos en municipios distintos das sete grandes cidades, da necesidade de fixación de poboación nos concellos cun marcado carácter rural, de áreas metropolitanas, de prestación eficiente dos servizos públicos..., Santiago poña en marcha reivindicacións tan centralizadoras como esta, opoñéndose á creación dunha grande infraestrutura nun concello que pertence á área de influencia de Santiago de Compostela.*

*Esa proximidade a Santiago fai tamén da Estrada unha situación idónea para esta instalación (22 km) e o tempo de desprazamento ou mesmo a relación social, educativa, sanitaria e comercial entre os dous municipios é moi próxima, polo que o alcalde de Santiago debería ter en conta este feito, ademais das extraordinarias relacións institucionais que sempre mantivemos os dous Concellos. Evidentemente A Estrada aposta pola capitalidade e as infraestruturas de Compostela e reivindicamos un trato en igualdade de condicións de Compostela cara a Estrada. Non entendemos que unha cidade e o seu Alcalde se opoñan a unha decisión baseada nos criterios de eficacia, eficiencia, economía dos recursos públicos.*

*Por suposto que respectamos a postura dos traballadores/as, pero teñen que ter en conta:*

*-O carácter público da súa contratación laboral e que polo tanto está supeditada á localización do seu posto.*

*-Moitos traballadores da Estrada se desprazan diariamente a traballar en Santiago e que o fan con total normalidade*

*-A conexión por estrada, e en transporte público é moi fácil e fluída (a raíz desta infraestrutura mellorará)*

*-A Estrada é un concello mediano, de 21.000 habitantes dotado de todos os servizos e cunhas características moi boas e confortables para vivir.*

*Creemos que é un debate estéril, que non conduce a ningunha parte. Santiago é a capital de todos os galegos, a cidade de referencia para os estradenses que sempre estivemos na súa área e así o sentimos. Non se pode pretender liderar unha gran área metropolitana nin potenciar a capitalidade sen altura de miras nin visión estratéxica de conxunto.*

*Esta decisión trátase dun traslado ordinario, moi habitual nas administracións públicas, moi importante para A Estrada, e cun nivel de impacto mínimo para Santiago, que ao fin e ao cabo seguirá tendo estes traballadores e as súas familias na súa área de influencia.*

*Por todo o exposto, elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*Instar á Xunta de Galicia a que manteña os seus compromisos coa AXEGA e o traslado de todos os servizos relacionados coas emerxencias á nova sede de A Estrada*

*Trasladar ao Concello de Santiago de Compostela e ao seu Alcalde a nosa firme posición en relación ao traslado do persoal do 112 e do 061 á nova sede da Axencia Galega de Emerxencias na Estrada."*

## **ACORDAMOS:**

**1º.-** Instar á Xunta de Galicia a que manteña os seus compromisos coa AXEGA e o traslado de todos os servizos relacionados coas emerxencias á nova sede de A Estrada

**2º.-** Trasladar ao Concello de Santiago de Compostela e ao seu Alcalde a nosa firme posición en relación ao traslado do persoal do 112 e do 061 á nova sede da Axencia Galega de Emerxencias na Estrada.

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Antes de pasar aos seus rogos e preguntas intervén D<sup>a</sup> Belén Louzao dicindo que acusa de miopía quen parece que non escoita. Di que o obxectivo dos Plenos non debe ser buscar gresca nin atacar aos outros partidos políticos, senon defender os veciños e veciñas entre os que hai traballadores e por iso non podemos tolerar que o Alcalde diga que non estamos aquí para defender aos traballadores polo que roga que retire dita afirmación e que conste en acta.

Pregunta de seguido dúas cuestións:

1.- qué aconteceu coa recollida de lixo na Parroquia de Guimarei? Explica que o luns non se recolleu o lixo e os contedores seguen cheos e os veciños non entende qué acontece. Di que xa denunciaron noutros plenos as condicións lamentables nas que se atopan os contedores no rural: rotos, sen rodas, sucios... pide que se faga a recollida o antes posible e que non se alteren os percorridos na recollida de lixo.

2.- pregunta qué ocorre cos expedientes de fóra de ordenación? Pide que se lles dea saída dunha vez, pois algúns levan tramitándose máis de tres anos, que os veciños están cansos e que non reciben resposta do Concello; que o que está acontecendo coa Lei na mán é inaudito.

Resposta o Sr. Alcalde que no que respecta ao camión de lixo, este astropeouse e tivo que ir ao taller, polo que se suspendeu a recollida, atrasándose así a mesma. Espera que se regularice a situación e se recolla a atrasada completándose así o valeirado de contedores.

En segundo lugar di que os expedientes de fora de ordenación informáronse tecnicamente neste mes, que agora deben remitirse á Axencia da Protección da Legalidade Urbanística por se existira algunha sanción ou infracción e que, se no prazo de 10 días desde a remisión a APLU non emite informe, resolverase. Polo que entende que neste mes de setembro quedarán resoltos todos os expedientes de fóra de ordenación.

Intervén tamén D. Luis Rendo, para trasladar unha petición dos veciños de Castrovite para a colocación dun espello na carretera 525, á saída da autopista, na segunda entrada a Castrovite, a carón dos contedores de residuos. É unha saída perigosa, hai que meter moito o morro na carretera, polo que considera que é necesario este espello.



De seguido intervén D<sup>o</sup> Mar Blanco, facendo os seguintes ROGOS:

1. Pide o arranxo da estrada Orazo-Castrovite: é só un quilómetro, pero está cheo de baches, en moi mal estado, é moi perigoso e débese arranxar.
2. Arranxar tamén os baches que hai no tramo da carretera da Estrada á praia fluvial de Liñares.
3. Solicitar ao dono da propiedade na Avenida da Torre que corte as silvas que invaden a rúa, e que fan que os peóns teñan que baixar da beirarrúa.
4. Posto que o Concello otorgou unha subvención para as festas patronais de 50.000 euros e visto que o Alcalde non lle esixe á Comisión que faga as súas contas públicas, pedimos que se xustifiquen cando menos eses 50.000 euros.
5. Visto o erro que houbo na cartelería da Feira do Moble, pídelle que sexa máis sensible coa nosa lingua. Ademais considera que segue sendo desafortunado o cartel, xa que a muller non pode seguir sendo un reclamo publicitario en pleno século XXI. Este cartel é un exemplo da cosificación da muller, do sexismo, e pídelle ao goberno que tome conciencia deste tema.
6. Lémbrale ao goberno os rogos pendentes expostos neste Pleno e as mocións presentadas neste mes de agosto que esperan que sexan tratadas no próximo Pleno.
7. Por último, trasládalle unha petición da veciñanza da Rúa Avenida de Benito Vigo, que queren colocar un paso de peóns á altura da Rúa Coira.

Despois fai tamén as seguintes PREGUNTAS:

1. Visto o acordo de Xunta de Goberno de 10 de agosto polo que se aproba no punto 2<sup>o</sup> o expediente de contratación do subministro de armarios para o Arquivo municipal, convidase a catro empresas das cales só unha é da Estrada. Pregunta se non hai máis empresas estradenses que se dediquen a isto?
2. A cuantía das axudas do Concello para que os pais e nais da Estrada merquen os libros de texto por qué diminuíu?
3. Desde cando os veciños da Estrada vanse beneficiar do Convenio de Transporte Metropolitano?

Resposta o Sr. Alcalde á última pregunta dicindo que debería ser no mes de setembro, pero que aínda están pendentes da emisión das tarxetas, que lle corresponde a ABANCA. Espera que sexa o máis pronto posible e que se resolva de maneira adecuada.

Respecto á segunda cuestión, o reaxuste é insignificante, non debe chegar aos 300 euros. Non se pretende endurecer as condicións senón priorizar a concesión das axudas a aqueles que sexan economicamente menos solventes, con menos recursos, preténdese axudar ás familias menos favorecidas. Lembrar que o Concello da Estrada é un dos tres concellos da súa categoría que máis invirte en servizos sociais.

Respecto da primeira, non hai constancia de que na Estrada haxa máis empresas adicadas ao obxecto do contrato, pois son uns mobles moi específicos, non son sinxelos e hai poucas casas en España que fan este tipo de mobles. Encargouse a un Técnico municipal buscar as empresas especializadas.

En canto aos rogos, intentarán cumprilos, aínda que algúns non son municipais (por exemplo, Ouzande, é competencia da Deputación e non está moi pola labor de facer este tipo de sinalización, aínda que lle volverán a recordar esta cuestión).

Interven despois o voceiro do BNG, D. José Magariños, pedindo que solucionen os graves problemas de saneamento deste Concello, que saben que non lles importa moito máis, é prioritario. Pide que lle busque solución.

Resposta o Sr. Alcalde que é priritario, e o saben, pero que é unha mágoa que non adicasen a este asunto algo dos cartos do Plan-E ao saneamento, dos sete millóns que lle corresponderon onde enterraron 600.000 euros en dúas inversións de saneamento: Matalobos e Couso. Dice o Sr. Magariños que non se lembra das primeiras depuradoras que fixo o PP? Resposta o Sr. Alcalde que é verdade que hai problemas tanto no núcleo urban pola confluencia de fecais e pluviais e no rural, pola falta de saneamento. Todo o mundo sabe que onde hai unha depuradora hai algun problema e hai que atallalos e centrara a nosa actuación no rural.

O Sr. Magariños di que se quere falar de responsabilidades, se falará, pois das sete depuradoras que fixo o PP non funciona ningunha. Podemos falar se quere do que pasou en Figueroa. Centra todo no Plan E e lle pide que non poña desculpas

e solucione os problemas da Estrada, cando as cousas non funcionan, pois somos humanos e a xente erra, lle pide que o solucione.

Resposta o Sr. Alcalde que o que fixeron no seu momento en Couso e Matalobos foi un escándalo, unha xestión nefasta deses proxectos que non teñen solución, o que haberá que buscar é unha alternativa. Por iso no seu momento creouse unha gran depuradora que, aínda que non atallou todos os problemas, solucionou algúns. Hai que mellorar o mantemento das EDAR e falarán coas outras administracións para colaborar na solución deste problema. Recórdalle o pasado porque eles teñen pasado, como todos, e cando se fala do Plan E foi porque foi algo histórico a capacidade de xestionar de maneira libre inxentes cantidades de cartos, e ahí é onde se demostra a capacidade de erro ou acerto da xestión política, e dita xestión di que foi desastrosa e un descalabro total e as consecuencias levamos pagándoas nos dende fai catro anos.

Solicita D<sup>a</sup> Belén Louzao unha cuestión de orden: pregunta á Señora Secretaria en qué precepto da lexislación se atopa a capacidade do Presidente para faltar o respecto aos demais grupos da oposición.

A Secretaria Municipal contesta que en ningún artigo.

Antes de pechar o Pleno, pode participar calquera persoa previa presentación do DNI.

Intervén D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Iglesias Requeijo (DNI nº 44.820.248X) facendo as seguintes preguntas:

1.- No que respecta ás axudas de material escolar pregunta por qué o ano pasado tomouse como referencia o IPREM de 14 mensualidades e este ano de doce?

2.- No que respecta ao paso de peóns de Ouzande, lle prometeu aos veciños de Ouzande isto, incluso ao Alcalde de Barrio. O mesmo pasou co Centro de Maiores, que prometeu e xa vemos que non.

Resposta o Sr. Alcalde que van dous meses dende as eleccións e ten que deixarlle un tempo; de calquera forma quere poñer de manifesto que xa está en tramitación o expediente de contratación para o acondicionamento da Casa do Maior e espera que o máis cedo posible poida A Estrada contar cun Centro axeitado para os seus maiores. Respecto do paso de peóns de Ouzande resposta que non o prometeu, o que sí fixo foi prometer a construción das beirarrúas ata a altura da Igrexa e posteriormente extendeuse ata o Paseo de Manuel Castiñeiras. O paso de peóns é competencia da Deputación non do Concello, se lle trasladou pero non era partidaria. Volveremos a trasladalo a ver se co cambio do goberno cambian o criterio e pintan o paso de peóns.

Respecto do cambio nos criterios da avaliación para as axudas de material escolar, son criterios técnicos determinados polos Técnicos do Departamento de Servizos Sociais, ao abeiro, imaxínase da Orde da Xunta que regula estes criterios, e determina as bases para a concesión das Axudas. Conmfirmalle A Secretaria que é unha cuestión técnica recollida na Orde da Xunta que regula os criterios e son de aplicación para todos os Concellos.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas trinta e oito minutos.

A Estrada, 3 de setembro de 2015  
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso